



Concello de Melide

A Coruña

M.S.G.

M^a CRUZ ANDRADE GARCÍA, secretaria do Concello de Melide (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión que tivo lugar o trinta e un de marzo de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO SEXTO CONCURSO DE CARTEIS DA FESTA DO MELINDRE E DA REPOSTARÍA DA TERRA DE MELIDE.-

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía que literalmente dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver a proposta de bases de data 23 marzo de 2017 do VI Concurso de Deseño de Carteis da Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide, realizada polo Concelleiro de Turismo e Promoción Económica, Luis Arias Lodeiro,

Logo de ver a providencia de alcaldía do 23 de marzo de 2017 iniciando o expediente,

Logo de ver o informe de intervención de fiscalización, que o emite en sentido favorable, das bases da convocatoria do VI Concurso de deseño de carteis da Festa do Melindre e da repostaría da Terra de Melide 2017 de data 28 de marzo de 2017, con **Ref.: 2M/2017** no que se di: *“Informe que existe consignación orzamentaria no orzamento vixente para facer fronte ao premio de 500 euros de acordo coa Providencia da Alcaldía na aplicación orzamentaria 334/481.00, para o que se realizou a correspondente retención de crédito. CONCLUSIÓNS: Esta intervención emite informe favorable.”*

PROPONSE, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a proposta das “Bases do VI Concurso de Deseño de Carteis da Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide” asinada polo concelleiro de Turismo e Promoción Económica, Luis Arias Lodeiro, quedando as bases como seguen:

“Bases do VI Concurso de Deseño de Carteis da Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide”

A Concellaría de Turismo e Promoción Económica de Melide convoca o VI Concurso de Deseño de Carteis da Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide a proposta do seu concelleiro, Luis Arias Lodeiro.

PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 15 anos que estea interesada nel, individualmente ou en equipo. Cada autor/a poderá participar cun máximo de 3 traballos, sempre que estes sexan orixinais e que non supoñan copia ou plaxio de obras doutros artistas. No caso de empregar algunha imaxe ou marca non pertencente ao autor/a, deberase xustificar a compra dos dereitos.

TEMÁTICA

A temática será o melindre e a repostaría tradicional da Terra de Melide, e comprenderá desde ingredientes e procesos de elaboración até a propia festa de exaltación do melindre e a repostaría da Terra de Melide. Deberase ter en conta a festa que trata de anunciar e facer especial fincapé nos produtos homenaxeados: melindres, ricos e amendoados.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

- O material empregado e a técnica serán libres, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais.
 - O seu formato de deseño deberá axustarse para que poidan reproducirse en vertical e en tamaño 50x70 cm.
 - As obras presentaranse obrigatoriamente en soporte dixital: CD, DVD ou USB sen sinatura de autor/a.
- Presentarase tamén copia impresa para unha mellor valoración da mesma.

ROTULACIÓN

O cartel deberá levar o título da festa: *XXVI Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide – domingo, 14 de maio de 2017. Festa de Interese Turístico de Galicia.*

O Concello de Melide resérvase o dereito a engadir posteriormente o seu logotipo e o de outros patrocinadores da festa para a edición do cartel.

PREMIOS

Outorgarase tres premios:

1º premio: 500 € + lote de produtos da repostaría da Terra de Melide

2º premio: circuíto termal para dúas persoas no Balneario Río Pambre + lote de produtos da repostaría da Terra de Melide

3º premio: lote de produtos da repostaría da Terra de Melide.

O Concello de Melide fará uso da obra premiada, e as persoas autoras cederanlle os seus dereitos para que poida utilizala como cartel anunciador da *XXVI Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide*. Así mesmo, cos traballos orixinais achegados poderá elaborarse unha exposición ou poderán colgarse nunha ligazón na páxina web.

PRAZO, FORMA DE PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS E PUBLICACIÓN

O prazo de admisión de orixinais finalizará o mércores 12 de abril de 2017.

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Melide, sito na praza do Convento, nº 5, 15800 Melide. Deberán indicar fóra do sobre “Concurso de Deseño de Carteis da *XXVI Festa do Melindre e da Repostaría da Terra de Melide*” e o nome do traballo que achegan mediante un seudónimo ou lema inventado como identificador, que deberá figurar tamén na parte de fóra da plica e no soporte dixital no que se presente o traballo.

Dentro do sobre deberá vir unha plica fechada ou outro sobre fechado identificado co mesmo seudónimo e que conteña:

-Datos de identificación da persoa autora de cada unha das obras: nome e apelidos, NIF, enderezo, número de teléfono e correo electrónico de contacto.

-Fotocopia do NIF do autor/a

-Declaración xurada de que a obra ou composición son inéditos.

-Declaración xurada de que as persoas solicitantes reúnen as condicións esixidas nas bases da convocatoria e que a participación supón a aceptación de todas elas, consentindo a cesión de dereitos prevista.

A publicación das bases serán no taboleiro de anuncios, páxina web e páxina de facebook do Concello de Melide.

COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO XURADO

O xurado estará composto por persoas vinculadas ao mundo da cultura, e actuará como secretario, con voz mais sen voto, o concelleiro de Educación e Promoción Económica ou persoa en quen delegue.

O xurado, para formular a súa proposta de concesión de premios, valorará, ademais da composición, a súa calidade gráfica, a súa eficacia anunciadora e as súas condicións de reprodución.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

A decisión do xurado será inapelábel, e non poderá ser impugnada nin sometida a ningunha clase de recurso por persoa física ou xurídica.

A efectos de xustificación, a decisión do xurado recollerase na acta correspondente que se achegará ó expediente, así como os recibís dos premiados.

O premiado en metálico deberá presentar declaración xurada de estar o corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Concello de Melide

A Coruña

M.S.G. *A decisión do xurado deberá ratificarse por Decreto de Alcaldía, órgano competente para o recoñecemento das obrigas que se deriven para o Concello.*

A decisión do xurado farase pública antes do día 21 de abril de 2017.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Melide, 23 de marzo de 2017 /Luis Arias Lodeiro / concelleiro de Turismo e Promoción Económica”

Segundo.- Que se publiquen as bases no taboleiro de anuncios, páxina web e páxina de facebook do Concello de Melide e se dea traslado ao servizo de cultura para continuar coa tramitación do expediente.

Melide, 29 de Marzo de 2017 /Dalia García Couso /Alcaldesa do Concello de Melide”

A **Xunta de Goberno Local**, en virtude da delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante Resolución do 4 de decembro de 2015 (BOP N.º 239, do 15 de decembro de 2015), **ACORDA** por unanimidade dos cinco membros asistentes á sesión **APROBAR a proposta nos mesmos termos enriba transcritos** relativa ás bases do sexto concurso de carteis da Festa do Melindre e da Repostaría da Terra de Melide.

E para que conste e para os efectos da súa unión ao expediente da súa razón, e coa excepción que dispón o artigo 206 do ROF, expido e asino a presente certificación de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa dado en MELIDE, 3 de abril de 2017.

*Visto e prace
A alcaldesa*

